

REGULAMENTO
XI CARREIRA POPULAR
CONCELLO DE MOECHE

XII Circuito de carreiras da Deputación da Coruña



DOMINGO 31 DE MAIO DE 2026

11:00

Recinto feiral San Ramón

REGULAMENTO DA XI CARREIRA POPULAR DE MOECHE

1. ORGANIZACIÓN:

O Concello de Moeche organiza a **XI Carreira Popular de Moeche**. A proba terá lugar o **domingo 31 de maio de 2026 dende as 11:00 horas**, con saída e chegada nas inmediacións do Recinto Feiral situado no núcleo urbano de San Ramón e discorrerá polas vías do Concello de Moeche.

A proba está incluída no “XII Circuito de Carreiras Deputación da Coruña” e no calendario oficial das competicións da FGA

Para levar a cabo esta carreira cóntase coa colaboración da Deputación da Coruña, Federación Galega de Atletismo, Protección Civil, Xeoparque Cabo Ortegal, Lácteos Moeche, Supermercado A Tendiña Moeche, A Tenda de Iria, clínica de fisioterapia Fisioche –Ben, Asociación de veciños Labacengos e Asociación de veciños val de Moeche.

2. PARTICIPACIÓN:

A proba estará aberta a todos/as os/as atletas nados/as dende o ano 2023, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade, que posúan unha condición física mínima para poder completar o seu percorrido e acepten as condicións de este regulamento.

3. CATEGORÍAS E ORDE DE SAÍDA:

CARREIRA	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO		DISTANCIA	SAIDA
1	Pitufos M/F	2021-2022-2023		75 m	11:00
2	Sub 8 M/F	2019 - 2020		200 m	11:05
3	Sub 10 M/F	2017-2018		500 m	11:10
4	Sub 12 M/F	2015-2016		1000 m	11:20
	Sub 14 M/F	2013-2014			
5	Sub 16 M/F	2011-2012		2000 m	11:30
	Sub 18 M/F	2009 - 2010			
6	Absoluta M/F	2007 e anteriores	Sub 20 M/F: 2007-2008	6500 m	11:45
			Sub 23 M/F 2004-2005- 2006		
			Senior M/F 2003 - 1992		
			Máster 1 M/F 1991 - 1986		
			Máster 2 M/F: 1985-1976		
			Máster 3 M/F 1975 - 1966		
			Máster 4 M/F: 1965 e anteriores		

4. INSCRICIÓNS:

- A inscrición será gratuíta para os/as atletas das categorías menores (nados no ano 2009 ou posteriores) e de 5 € para os/as atletas da categoría absoluta (nados no ano 2008 ou anteriores) ; e poderá realizarse a través da páxina web da www.carreirasgalegas.com da Federación galega de Atletismo.

Calquera dúbida ou máis información serán atendidas no teléfono 666488801 ou por correo electrónico: daniel.feijoo@moeche.gal.

- O prazo de inscrición rematará o mércores 27 de maio ás 23:59 h.
- Límite de prazas: 500 (250 adultos / 250 menores, se non se cubre unha categoría, podería ampliarse a outra)
- Non se admitirán inscricións fóra do prazo.
- Non se fará devolución da inscrición, agás por motivos debidamente xustificadas.
- A inscrición da proba é persoal e intransferible.
- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e aceptado o regulamento da proba.
- A realización da inscrición inclúe un agasallo conmemorativo da proba.
- A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento. Ao longo do percorrido a organización establecerá controis para regular a axeitada participación dos e das atletas.
- A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas. A/o participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá os incidentes inherentes á proba.

Protección de datos: Todos/as os/as corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe na clasificación, medios de comunicación, cartelería e/ou internet. Mediante a inscrición o corredor/a consinte expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade. En todo caso e tal e como establece a Ley de Protección de datos, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico.

5. ENTREGA DE DORSAIS:

Os dorsais entregaranse o día da proba na zona habilitada pola organización (nave do Mercado), ata 15 minutos antes antes da saída de cada proba.

6. GARDARROUPA:


A organización habilitará un servizo de gardarroupa, pero non se responsabiliza dos efectos depositados no interior das bolsas. Estará instalado na nave do mercado.

7. SPEAKER:

A proba estará amenizada por un speaker, que dará ánimos a todas/os as/os participantes.

8. SERVIZO DE DUCHAS:

A organización poñerá a disposición dos/as corredores servizo de duchas. (Pavillón Municipal de Deportes). A 500 metros da saída.




<https://goo.gl/maps/j6x8Eqzx5GLyjubP8>

9. PERCORRIDOS:


- A saída e meta situaranse diante da nave do Mercado do recinto feiral e as diferentes carreiras realizaranse no entorno próximo arredor de toda a localidade.
- É obrigatorio que os corredores leven durante toda a carreira o dorsal no peito, debendo chegar á meta con el.
- En todas as carreiras haberá ciclistas abrindo e pechando o grupo de atletas.
- Na carreira de adultos, en caso de haber dobrados, estes deberán facilitar o paso dos/as atletas máis rápidos/as botándose cara a esquerda do trazado.
- Nos tramos de dobre sentido de carreira, os/as corredores/as deberán ir pola esquerda da calzada para non entorpecer o paso dos/as demais corredores/as.
- O percorrido da categoría absoluta é maioritariamente sobre asfalto, con pequenos tramos de herba e terra.
- As distancias sinaladas son aproximadas.
- A organización resérvase o dereito de realizar modificacións ou cambios no percorrido se a seguridade o require; e na distribución das saídas dependendo da cantidade de inscritos.

PLANOS DOS PERCORRIDOS

CATEGORÍA PITUFOS (2021 - 2022 – 2023)



CATEGORÍA SUB 8 (2019 - 2020)



CATEGORÍA SUB 10 (2017 - 2018)



CATEGORÍAS SUB 12 (2015-2016)-SUB 14 (2013-2014)




CATEGORÍAS SUB 16 (2011 – 2012) – SUB 18 (2009 - 2010)
(2 VOLTAS DE 1000 METROS)




CATEGORÍA ABSOLUTA 6500 METROS (DÚAS VOLTAS)

1ª VOLTA: 3000 M



2ª VOLTA: 3500 M



10. AVITUALLAMENTO:

Haberá servizo de avituallamento sólido e líquido ao final da proba por cortesía de SUPERMERCADO A TENDIÑA MOECHE , A TENDIÑA DE IRIA. En caso de que a temperatura sexa excepcionalmente alta para a época do ano, habilitarase un avituallamento líquido no punto intermedio da carreira absoluta.

11. VEHÍCULOS:

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba son os designados pola organización, que regularán o tráfico ao longo do percorrido. Queda totalmente prohibido seguir aos corredores en coche, moto ou bicicleta, polo perigo que puidera supoñer para os atletas, así como a participación de animais.

12. APARCADOIROS:

No núcleo urbano de San Ramón hai suficientes prazas de aparcadoiro sempre que non entorpeza o circuíto das carreiras. Recoméndase estacionar nas inmediacións do Pavillón polideportivo ou da casa do Concello

13. PREMIOS :

- A organización premiará aos tres primeiros/ras clasificados/as de cada categoría Masculina e Feminina a partir da categoría Sub 8 . Os/as primeiros/as clasificados/as de cada categoría masculina e feminina tamén levarán como agasallo un queixo doado por LÁCTEOS MOECHE.
- Os/as corredores da categoría Pitufos recibirán todos/as unha medalla, xa que estas non son probas competitivas.
- Trofeo para o mellor Modestino e mellor Modestina (empadroados no Concello de Moeche) en categoría absoluta.
- A entrega de trofeos realizarase unha vez remate a proba da categoría absoluta (ás 13:00 horas aprox.) Os premios non son acumulativos, a excepción dos trofeos a mellor modestino/a.
- O corredor e a corredora de máis idade recibirán un vale por dúas sesións de fisioterapia doado pola clínica FISIOCHE-BEN.

14. SEGURO:

A proba conta cun seguro de accidentes para todos/as os/as corredores/as que cubre os posibles danos e responsabilidade civil durante o transcurso do evento.

Esta carreira disporá de ambulancia medicalizada para atender posibles incidencias.

Igualmente o atleta declara estar en condicións físicas óptimas para realizar dita proba. Todos/as os/as participantes polo feito de inscribirse, aceptan o presente regulamento i en caso de dúbida ou de surxir algunha situación non reflexada no mesmo, acatarase o que dispoña o Comité Organizador da proba.

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas.

15. DESCUALIFICACIÓNS:

A proba estará controlada por xuíces da federación galega de Atletismo e por persoal voluntario; e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento ou mostre unha actitude antideportiva e irrespectuosa contra participantes, organización, espectadores e medio ambiente.

16. XII CIRCUÍTO DE CARREIRAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA:

Esta proba está incluída no XII circuítio de carreiras da Deputación da Coruña e polo tanto rexerese tamén polo seu regulamento, que se pode consultar no seguinte enlace:

https://www.dacoruna.gal/files/1417/7124/6109/9105224_rp_aproba_bases_de_adhesion_circuito_carreiras_2026.pdf

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.